

Recomendación dirixida á Consellería de Sanidade debido a determinadas circunstancias que afectan aos doentes do hospital psiquiátrico de Conxo

Expediente:G.6.Q/4330/20

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, tras ter coñecemento, a través dunha noticia de 11 de outubro, que os pacientes ingresados no hospital psiquiátrico de Conxo non podían saír a rúa dende o confinamento.

ANTECEDENTES

1. A noticia sinala: “A los tres meses que aguantamos confinados, como consecuencia de la crisis sanitaria provocada por el covid-19, se suman hasta ahora otros cuatro para todos los pacientes del Hospital Psiquiátrico de Conxo, quienes llevan sin pisar una calle más de medio año. Vecinos y trabajadores del barrio confesaron añorarles, afirmando su relación e incluso cuestionando si el centro, último manicomio de Galicia, es la “solución” que necesitan.

...Desde marzo se ausentan los enfermos mentales que solían pasear allí.

Normalmente, aquellos considerados “aptos” podían salir al exterior del recinto sanitario para tomar una bocanada de aire fresco y socializar con la comunidad, como si fuesen uno más. Esta libertad era temporal y limitada: debían cumplir el horario establecido e ir siempre a zonas próximas del psiquiátrico. Algunos aprovechaban sus horas para tomar algo. Otros fumaban. Cuando se decretó el Estado de Alarma todo desapareció. Desde entonces, ningún vecino les ha vuelto a ver.

El portalón principal permaneció cerrado durante el tiempo que duró el enclaustramiento, así como otras entradas anteriormente accesibles al público. Una vez abrió, tras el término de este, parecía que sus inquilinos saldrían escopeteados y se pedirían aquellos cafés, limonadas o bocadillos que solían comprar en los establecimientos locales. No fue así.

Esta tónica contrasta con la realidad acontecida algunos días de verano. Jornadas con menos de 10 casos positivos por coronavirus en el Área Sanitaria de Santiago de Compostela...

...Convivían en harmonía, habiéndose adaptado desde críos a este escenario: algunos acostumbraban pedir dinero para permitirse comprar algo, otros lo ganaban aparcando coches en el parking (ahora también levantado por la obra). Nadie hacía daño, pero todos buscaban ser libres.

...“Ahora que por el coronavirus les han encerrado y la verdad es que se les echa muchísimo de menos”...

Allí acudían rutinariamente los dolientes mentales...

“De los que no estaban encerrados salían casi todos”... “muchos están ahí por drogas o alcohol”. Según esta profesional, era frecuente verlos en cantidad: “Sobre 20 o 30 solían deambular por la plaza y los comercios más próximos al área residencial”. El tiempo hizo que fuesen creando vínculos más estrechos con ellos, conociendo sus gustos, aprendiéndose sus nombres y observando determinadas carencias.

Muchos de estos pacientes se quejaban fundamentalmente de tener hambre, según estos testimonios, algo incomprensible teniendo en cuenta que dentro del complejo deberían poder satisfacer sus necesidades alimenticias. En este sentido, la sorpresiva visita que realizó el Defensor del Pueblo en 2018 ya había puesto de manifiesto la “distancia excesiva” entre las cenas y los desayunos del centro, cuyo intervalo superaba las 12 horas.

“A veces llegaba para abrir a las 17.00 y tenía esperando en la puerta a diez personas”, señala en esta línea la primera fuente entrevistada, destacando que estos le decían “no tenemos nada, danos un bocadillo”. En otras ocasiones acudían para consumir algún refresco o alguna pieza de fruta: “A mi no me cabe en la cabeza, se supone que esa es su casa, no es normal que no tengan algo para llevarse a la boca”.

En la misma vía, un poco más adelante, se encuentra el café bar A da Chara... “Solían venir bastante y la verdad es que le daban mucha vida”, relata su dueña, afirmando que “sí se nota su ausencia”.

Allí diariamente entraban muchos de ellos, lo que hizo que también se crease una relación con el resto de vecinos... Un factor vital de esta unión es, lamentablemente, el tiempo que los enfermos están internados en este centro: una estancia media de 14,2 años, según se constató en la última inspección.

Esta cifra “tan elevada” ha hecho que algunos se convirtiesen en caras conocidas del barrio. “Ya son como de casa, tenemos una amistad porque se les coge cariño”, señala la

propietaria de esta cafetería, que lleva allí diez años, reconociendo que varios aún están en la institución: “Tenían unas horas de entrada y salida, pero había muchísimos de ellos que estaban solos (hecho que también reconocieron las dependientas del ultramarinos) y comían aquí”.

...Frente al Hospital Psiquiátrico se encuentra el Centro Sociocultural Aurelio Aguirre, entidad que realiza numerosas actividades a las que (antes del covid) iban algunos pacientes, tales como talleres de recorte y confección, informática, pilates o yoga, entre otros. “Aquí ven xente de maneira totalmente normalizada, son como calquera máis”, comenta ██████████, director del centro, destacando que “antes a maioría saían libremente e se repartían pola cidade según os seus gustos e preferencias”.

Además de todas estas ocupaciones, también organizan en navidad una exposición colectiva de los trabajos que distintos usuarios elaboran a lo largo del año. A sabiendas de que este igual no se puede celebrar, la tradición era realizar una especie de “mercadillo” con todos los productos manufacturados para venderlos a cambio de “algo simbólico” y poder hacer una cena o una fiesta para todos ellos.

“Moitos deles forman parte deste barrio, todo o mundo os coñece”...

2. Polo exposto iniciouse unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. Solicitamos da Consellería de Sanidade que nos facilitara información. Informou o seguinte:

“... Os pacientes actualmente ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo, están suxetos á prescripción das ordes médicas correspondentes.

No paciente psiquiátrico, o plan de saídas ao exterior do centro realízase en función do contemplado no Plan de reactivación asistencial no ámbito hospitalario en relación coa infección polo virus Sars-Cov-2, consensuado por na Comisión Clínica para a Xestión da crise sanitaria do COVID-19, e publicado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a disposición pública na seguinte dirección web: [https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Plan-de-reactivación-\(Maio-2020\)](https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Plan-de-reactivación-(Maio-2020)).

En canto a frecuencia, tempo e obxectivo da saída do paciente fora do recinto, informar que son previamente valoradas e autorizadas polo psiquiatra responsable, baixo o seu criterio clínico.

O obxectivo desta valoración previa é asegurar a capacidade de cumprimento das medidas esixidas actualmente para a prevención da transmisión da infección por Sars-Cov-2. Neste tipo de pacientes, dado a situación de convivencia con outros pacientes no recinto hospitalario, este aspecto é especialmente relevante.

En base a isto, o psiquiatra realiza unha prescripción en canto a posibilidade de salidas e características das mesmas, en función da situación clínica do paciente a capacidade de cumprimento das medidas de prevención necesarias.

Polo tanto, na actualidade, os pacientes ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo están sometidos, en canto a saídas ao exterior do centro se retire, ás indicacións médicas individuais e, en segundo lugar, ás medidas restrictivas ou recomendacións sanitarias que estean en vigor para a poboación xeral.

Sen embargo, os pacientes continúan a desempeñar as actividades lúdicas e terapéuticas que se levan a cabo dentro do recinto hospitalario, sempre e cando a súa situación clínica o permita, como son: paseos libres polo recinto axardinado, uso da cafetería do centro, asistencia diaria ao ximnasio, asistencia ás actividades terapéuticas programadas como carpintería, xardinería, lavandería, manualidades,

En canto ao aspecto dietético, sinalar que resulta moi complexo argumentar un aspecto tan subxectivo como o feito de "pasar fame". Si nos gustaría aportar que no paciente con patoloxía psiquiátrica, o patrón da inxesta pódese ver afectado por varios factores, sin que necesariamente implique inxesta insuficiente: alteracións do apetito ou da impulsividade na inxesta consecuencia da propia enfermidade, problemas de sobrepeso con necesidade de restriccións dietéticas, tamén en posible relación coa propia patoloxía ou co tratamento farmacolóxico."

3. A principal cuestión obxecto da actuación de oficio, as saídas cotiás dos doentes, atopábase suxeita ás prescripcións médicas. Así, as saídas son previamente valoradas e autorizadas polo psiquiatra de acordo co criterio clínico para asegurar o cumprimento das medidas de prevención. Engadíase que os doentes continúan as actividades que se levan a cabo "dentro do recinto hospitalario" cando fora posible.

4. Unha vez avaliado ese informe solicitamos da concellería que con urxencia aportara información complementaria sobre se as medidas aplicadas a cada doente eran individualizadas e se as restrición de saídas afectaron á totalidade; sobre se avaliáronse alternativas; sobre se todos os doentes teñen resolucións xudiciais con medidas relativas a súa capacidade; sobre as previsións de vacinación aos doentes e ás persoas traballadoras;

sobre a obxectivación das medidas respecto das comidas; e sobre as demais circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

5. A Consellería de Sanidade remitiu o seguinte informe:

“Que desde el final del confinamiento las salidas del recinto hospitalario han estado permitidas, con las limitaciones de grupos y tiempo determinadas por ley y normas sanitarias, además de la capacidad de seguir las recomendaciones de uso de mascarilla y mantenimiento de distancia interpersonal.

Las medidas para paliar las limitaciones de salidas, fueron las siguientes: 1. Adecuar en todo momento el régimen de salidas a los cambios de normativa según la situación epistemológica de la pandemia. 2. Promover los permisos domiciliarios en los pacientes que tuvieran esta posibilidad. 3. Educación sanitaria de los pacientes en las normas de prevención del contagio. 4. Potenciación de las salidas al recinto hospitalario para su esparcimiento. 5. Mantener actividades de terapia ocupacional.

Con respecto a la alimentación, no se ha tomado ninguna medida, pues no es cierto que ningún paciente pase hambre”.

ANÁLISE

1. Respecto das saídas dos doentes o primeiro informe indicaba que se atopaban suxeitas ás prescricións médicas (valoradas e autorizadas polo psiquiatra de acordo co criterio clínico para asegurar o cumprimento das medidas de prevención), e que os doentes continuaban as actividades “dentro do recinto hospitalario” sempre que fora posible. Por esa razón solicitamos a información complementaria. Esta sinala que as saídas están permitidas, coas limitacións de grupos e tempo determinadas polas normas sanitarias e a capacidade de seguir as recomendacións sanitarias, e que déronse medidas para paliar as limitacións de saídas.

Por tanto, segue sen aclararse en todo se as saídas se producían (e se producen) ou non -só se aclara que estaban permitidas-, e cal foi o resultado da individualización das valoracións, aínda que sexa unicamente para coñecer a proporción e frecuencia das autorizacións en termos globais.

Iso é preciso para descartar que se dera o que a noticia sublimaba facéndose eco das apreciacións dos veciños, que negan que as persoas internas estiveran saíndo despois de

moito tempo de pandemia, e conseguintemente para asegurar o respecto dos dereitos desas persoas con discapacidade.

2. O anterior está directamente relacionado cunha das cuestións remitidas nas dúas ocasións nas que nos diriximos á consellería e que segue sen resposta; non se proporciona ningunha información sobre as previsións de vacinación no hospital, no que permanecen persoas en estancias prolongadas e dun xeito en certa maneira asimilable á situación dos centros residenciais de carácter social en cando aos graves problemas destes durante a pandemia.

Nos centros de atención a persoas maiores e/ou con discapacidade a vacinación deuse de forma prioritaria precisamente co fin de protexer ás persoas en circunstancias especialmente vulnerables e tamén para terminar canto antes coas amplas e prolongadas medidas preventivas, co evidente deterioro que iso provoca nelas, en especial nos casos de persoas con deterioro cognitivo.

3. O centro e en xeral a administración sanitaria deberan garantir a seguridade xurídica dos doentes respecto das circunstancias expresadas, o que non consta debido á insuficiencia da información. Ata o momento non aclarouse suficientemente o actuado respecto dunha medida tan limitativa e potencialmente prexudicial para os dereitos das persoas afectadas como a relativa ás saídas, e tampouco o réxime de vacinación das persoas internas.

4. A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada polo noso país e trasposta ao dereito interno, supuxo un cambio radical no enfoque da discapacidade. O seu preámbulo sinala que é necesario garantir que as persoas con discapacidade exerzan plenamente os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, sen discriminación.

Ese enfoque de dereitos humanos fai necesario un cambio de modelo que non se ten consumado en moitos aspectos. En especial debe desbotarse o modelo exclusivamente médico ou asistencial e substituílo por un orientado ao exercicio da plena capacidade con apoios e a preservación de todos os dereitos; e debe desbotarse a “substitución” na toma de decisións e reempazala polo complemento ou a asistencia á persoa con discapacidade en razón das súas circunstancias persoais, o que denominamos “modelo de apoio”.

O anterior supón que deba darse conta de forma clara e exhaustiva de calquera medida limitativa dos dereitos das persoas con discapacidade.

5. Finalmente, no que toca á alimentación, as explicacións en ambos informes tamén son insuficientes e non aclaran convenientemente o réxime de comidas dos internos (por exemplo, a separación horaria entre ceas e xaxúns), ou o tratamento individual das lexítimas demandas individuais.

6. Na presente actuación de oficio trátanse intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Sanidade a seguinte suxestión:

Que procure aclararse suficientemente o réxime e a efectividade das saídas das persoas ingresadas no hospital psiquiátrico de Conxo durante a pandemia, especialmente despois do confinamento estrito, cando estaban e están permitidas as saídas coas restricións correspondentes a cada momento; que procure aclararse a previsión de vacinación das persoas doentes, posto que se atopan nun centro comunitario, cos riscos e limitacións que iso supón; e que tamén procuren aclararse suficientemente os criterios de alimentación aplicados.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluíranse na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo